

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE.- 4474/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Dna. MARÍA LOUREIRO GARCÍA, en calidade de Alcaldesa- Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Vista a publicación no BOP de Lugo en data 28 de xuño de 2024, da Convocatoria para a selección de persoal, con carácter temporal, para a contratación de oito socorristas para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, no ámbito de colaboración coas entidades locais ao amparo da orde do 27 de maio de 2024 e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Vista a publicación no BOP de Lugo en data 28 de xuño de 2024, das Bases Reguladoras para a selección e contratación de oito empregos de carácter laboral temporal de socorristas para as praias do Concello de Viveiro.

Vista a lista provisional de admitidos e excluídos, que sinala:

“(…)ADMITIDOS/AS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de galego
1	CERRATO AGRELO ADELA	EXENTA
2	PARDO SEVILLA CAROLINA	EXENTA

B) EXCLUÍDOS/AS:

Nº	Apelidos e Nome	Motivo de exclusión	Proba de galego
1	LAMELAS OTERO IKER	Non acreditar cumprir coa normativa vixente en materia de formación mínima e rexistro que se fixa para os socorristas acuáticos de Galicia. (Non cumprir co punto 4.2.2 das Bases Xerais).	EXENTA

A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (5) cinco días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es) para que se poidan emendar as deficiencias que en cada caso se indique. A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle na base 6, sen prexuízo da súa posible subsanación no prazo de (5) cinco días hábiles trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, tal e como se recolle no presente punto...”

Vista a base xeral 6.2 que sinala “(...)Concederáse un prazo de cinco días hábiles, seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, para subsanación de defectos formales e/ou presentación de documentación, si procedese. Transcorrido o dito prazo sin que se efectuase a subsanación polos aspirantes



Concello de Viveiro

afectados, entenderase decaído o dereito a participar no proceso selectivo, sendo excluídos definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automáticamente.

3.- As reclamación formuladas en prazo serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Se, en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, ésta considerárase defecto insubsanable e a Alcaldía resolverá a dita exclusión...”

Vista a documentación presentada por D. Iker Lamelas Otero, na que subsana o motivo da exclusión.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Dictar a seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos:

A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome
1	CERRATO AGRELO ADELA
2	PARDO SEVILLA CAROLINA
3	LAMELAS OTERO IKER

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios, páxina web municipal e taboleiro de anuncios dixital para o seu coñecemento.

Contra o acordo de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos cabe a interposición de recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende a súa publicación ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende a súa publicación.

Contra as decisións adoptadas polo Tribunal de selección caberá a interposición de recurso de alzada ante a Alcaldía, (órgano que nomea ao referido Tribunal), segundo o disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

